

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CPI PONTE CARREIRA

(xullo 2023)

Índice

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	1
1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. XUSTIFICACIÓN.....	4
2.1. Contexto legal.....	4
2.2. Contexto do CPI de Ponte Carreira.....	5
3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.....	6
4. OBXECTIVOS.....	7
4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	8
4.1. Accións preventivas.....	9
4.2. <i>Medidas de atención á diversidade postas en marcha no noso centro:</i>	11
5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.....	12
6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.....	14
7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.....	16
7.1. Mecanismos de colaboración e coordinación internos.....	16
7.2. Mecanismos de colaboración e coordinación co centro ao que estamos adscritos.....	16
8. LIÑAS DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.....	16
8.1. Liñas de colaboración coas familias.....	16
8.2. Liñas de colaboración cos servizos externos.....	17
9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	18
10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.....	20
ANEXOS.....	21
ANEXO I.....	22
INFORME FINAL SOBRE AS MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO.....	22
ANEXO II.....	23
INFORME INDIVIDUALIZADO DO/A TITOR/A PARA A EXENCIÓN NA MATERIA DE 2ª LINGUA ESTRANXEIRA.....	23
ANEXO III.....	24
INFORMACIÓN AOS PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS SOBRE A EXENCIÓN DA MATERIA DE 2ª LINGUA ESTRANXEIRA.....	24
ANEXO IV.....	25
AUTORIZACIÓN DA DIRECCIÓN PARA A EXENCIÓN DA 2ª LINGUA ESTRANXEIRA.....	25
ANEXO V.....	26
PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA ALUMNADO REPETIDOR DE ED. PRIMARIA.....	26
ANEXO VI.....	27
PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA ALUMNADO REPETIDOR DE ESO.....	27
ANEXO VII.....	28
PLAN DE REFORZO PARA ALUMNADO DE ESO CON MATERIAS PENDENTES.....	28
ANEXO VIII.....	29
INFORMACIÓN SOBRE A REALIZACIÓN DUNHA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA.....	29
ANEXO IX.....	30
MODELO DE ACTA DE ADAPTACIÓN CURRICULAR.....	30
ANEXO X.....	31
INFORMACIÓN SOBRE A MEDIDA DE ADAPTACIÓN CURRICULAR.....	31

ANEXO XI.....	32
DEMANDA DE INTERVENCIÓN AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	32
ANEXO XII.....	33
INFORMACIÓN SOBRE AS MEDIDAS DE APOIO POR PARTE DOS PROFESIONAIS DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E/OU AUDICIÓN E LINGUAXE.....	33
ANEXO XIII.....	34
INFORME INDIVIDUAL FINAL DE CURSO SOBRE AS MEDIDAS DE APOIO EDUCATIVO	34
ANEXO XIV.....	35
CUESTIONARIO AVALIACIÓN PXAD.....	35
ANEXO XV.....	36
AUTORIZACIÓN FAMILIAR PARA A SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO.....	36
ANEXO XVI.....	36
AUTORIZACIÓN PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN CON AXENTES EXTERNOS	36
ANEXO XVII.....	37
SOLICITUDE COPIA INFORME PSICOPEDAGÓXICO.....	37
ANEXO XVIII.....	38
DOCUMENTO ENTREGA INFORME ESCOLAR.....	38

1. INTRODUCCIÓN

A atención á diversidade no centro escolar debe entenderse como o conxunto de propostas curriculares e organizativas que perseguen adecuar as respostas educativas á pluralidade de todos e cada un dos alumnos e alumnas para que acaden os obxectivos e contidos de etapa. Polo tanto, pódese afirmar que a atención á diversidade ten un dobre carácter, de actividade educativa preventiva das dificultades de aprendizaxe e de resposta ás mesmas, posto que a través dela o centro comprométese a buscar o maior grado de axuste pedagóxico posible entre as características de cada un dos estudantes e as características da práctica educativa dos ensinantes.

Só unha adecuada atención á diversidade dos escolares pode facer viable a aplicación do principio de comprensividade, tendo en conta que este principio asegura unha formación básica e común para todo o alumnado así como a igualdade de oportunidades, independentemente da súa orixe social, etnia, sexo, ou calquera outra característica individual: aptitudinal, de capacidade ou mesmo derivada de situacións psico-sociais, económicas ou sanitarias.

Neste marco referencial, entendemos este Plan de Atención á Diversidade como o documento no que se articula a atención á diversidade do centro, o cal concreta todas as actuacións e medidas que o centro diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado. Con esta adecuación preténdese conseguir que cada quen alcance o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e adquira as competencias e os obxectivos establecidos para as diferentes etapas educativas que se imparten no noso centro.

A atención a diversidade así entendida compromete, pois, a todo o profesorado e aos órganos de goberno e coordinación docente. Ademais, implica a xestión compartida dos distintos niveis de planificación curricular e organizativa como son o PE, as CC e as Programacións Didácticas.

2. XUSTIFICACIÓN

2.1. Contexto legal

- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros

docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesta etapa educativa.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesta etapa educativa.
- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesta etapa educativa.

2.2. Contexto do CPI de Ponte Carreira

Este centro escolar atópase na localidade de Ponte Carreira, no concello de Frades, provincia da Coruña. É un Centro Público Integrado, único centro do concello. Dito concello conta con 2300 habitantes aproximadamente e está situado no medio rural, próximo a cidades importantes como Santiago ou A Coruña. O concello pertence á Mancomunidade de Ordes xunto cos concellos de Cerceda, Tordoia, Trazo, Oroso, Ordes e Mesía.

A economía das familias vén determinada pola polarización que supón a proximidade a Compostela; explotacións gandeiras, agrícolas e forestais serán os principais puntais. Podemos falar dun nivel económico-social medio. Por outra parte, a escasa vida cultural, en certa maneira favorecida pola dispersión xeográfica, céntrase en gran medida na presenza do centro escolar e nas achegas do concello a través dos centros socio-culturais. A lingua de uso habitual no alumnado e nas familias é o galego.

O centro conta no presente curso cun total de 150 alumnos/as distribuídos nas etapas de Educación Infantil, Educación Primaria e ESO. O claustro está composto por 27 profesores/as, a maioría con destino definitivo no centro. En relación ao profesorado especialista en PT e AL, contamos con dúas PT con destino definitivo no centro (unha para a etapa de Primaria e outra para a ESO) e unha AL compartida, que só asiste ao centro dous días á semana (mércores e xoves).

O centro participa no proxecto Edixgal, implantado dende 5º de Educación Primaria ata 4º da ESO. Así mesmo, tamén se desenvolven outros programas como por exemplo, o Plan Proxecta de Vida activa e deportiva.

En relación aos recursos materiais, contamos con dous edificios diferenciados: un para as etapas de Educación Infantil e Primaria e outro para a ESO. Ademais, o recinto do centro conta cun pavillón polideportivo, dúas pistas deportivas exteriores e diferentes zonas de xardín, así como dúas pequenas hortas.

3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

Os momentos e os procedementos que se empregarán ao longo do curso para a detección de necesidades serán os seguintes:

- Inicio de curso: recóllese información sobre o alumnado (do curso pasado ou do centro de procedencia), identifícase a necesidade ou necesidades e ponse en marcha a medida oportuna seguindo os protocolos que se describen neste plan.
- Avaliación inicial: o profesorado titor é informado polo DO das necesidades do alumnado do seu grupo e das medidas iniciais para atendelas. Posteriormente esta información transmítese ao resto de profesorado na avaliación inicial. Neste momento, o profesorado de cada materia que tamén realiza o seu proceso de avaliación inicial nas primeiras semanas de curso, presenta as necesidades identificadas e propón as medidas que considera máis oportunas.
- Ao longo do curso: a través das diferentes sesións de avaliación ou da avaliación psicopedagóxica realizada polo DO seguindo o procedemento establecido na sección 3ª da Orde do 8 de setembro de 2021.

As necesidades que os distintos axentes educativos poden presentar varían dun curso a outro polo que estas recolleranse cada curso académico na concreción anual do presente plan que elabora o departamento de orientación. De xeito xeral, as que podemos atopar no **alumnado** son as seguintes:

- Necesidades educativas especiais (NEE): Síndrome de Down, discapacidade intelectual e discapacidade física.
- Necesidades específicas de apoio educativo (NEAE): TDAH, Trastornos de aprendizaxe da lectoescritura, TEL, incorporación tardía ao sistema educativo, atraso madurativo, alumnado procedente do estranxeiro.
- Necesidades educativas relacionadas coa linguaxe (dislalias).
- Necesidades relacionadas con situacións de desvantaxe socio-educativa.
- Necesidades propias de cada etapa evolutiva.
- Necesidades relacionadas coa xestión e organización do estudo.
- Necesidades relacionadas co propio desenvolvemento persoal: tolerancia á frustración, autonomía e responsabilidade, control da impulsividade, resolución de conflitos, etc.

Con respecto aos demais membros da comunidade educativa, podemos destacar as seguintes necesidades:

Familias:

- Asesoramento e coordinación cos titores/as, co profesorado e co Departamento de Orientación.
- Intercambio de información sobre as necesidades do alumnado, das medidas adoptadas e do seu seguimento.
- Implicación na coordinación cos profesionais externos que atenden ao alumnado, de ser o caso.

Profesorado:

- Necesidade de recibir e proporcionar información sobre as características do alumnado.
- Asesoramento sobre pautas de actuación e materiais para atender ás necesidades do alumnado.
- Necesidade de información sobre medidas e metodoloxías que favorezan a inclusión.
- Asesoramento por parte do departamento de orientación na elaboración de adaptacións curriculares e outras medidas de atención á diversidade.

Centro:

- Necesidade de potenciar unha atención á diversidade inclusiva e que favoreza o desenvolvemento integral do alumnado.
- Necesidade de dispoñer dos recursos humanos necesarios para poder proporcionar unha resposta educativa ás necesidades de cada alumno/a.

4. OBXECTIVOS**Xerais:**

- Ofrecer unha resposta educativa no marco dos principios de normalización e inclusión, considerando a diversidade como elemento enriquecedor.
- Potenciar actuacións coordinadas das persoas implicadas na atención á diversidade.

Específicos:

- **Referidos ao ámbito educativo:**
 - Facilitar ao alumnado con necesidades educativas unha resposta adecuada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
 - Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación, adaptadas ás necesidades de cada alumno/a.
 - Coordinar o desenvolvemento de actividades encamiñadas á inserción e promoción do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
 - Optimizar o uso dos recursos do centro na procura da mellora da calidade dos procesos educativos.
 - Fomentar a colaboración dos órganos de goberno e de participación do centro na elaboración e desenvolvemento do PXAD.
 - Fomentar a participación das familias e implicalas no proceso educativo dos seus fillos/as.

- Promover a formación do profesorado na atención á diversidade e na inclusión.
- **Referidos ao ámbito familiar:**
 - Participar activamente no proceso educativo dos seus fillos e fillas.
 - Servir de canle de comunicación e colaboración entre o centro educativo e os axentes externos que atenden ao alumnado (servizos médicos, atención temperá, gabinetes psicopedagóxicos, logopédicos, etc).
- **Referido á contorna:**
 - Favorecer a coordinación con institucións, asociacións e/ou organismos externos para a aplicación de medidas de atención á diversidade que favorezan a inclusión.

4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Na aplicación da axuda pedagóxica, o noso centro terá en conta estes aspectos fundamentais:

- Os grandes fins da educación son iguais para todos/as.
- As necesidades educativas do alumnado son cambiantes e relativas, dependendo das condicións e oportunidades que o contexto lle ofrezca e do nivel de aprendizaxe dos seus compañeiros/as. Neste senso, o grao de expectativa do profesorado pode ser determinante.
- Como normal xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno ou nena, o que pode traducirse nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar. En síntese, trátase de que a cada alumno/a se lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo, respectando o seu ritmo de aprendizaxe conforme ás súas potencialidades.
- Neste tipo de actuacións, como se contempla no propio Plan de Acción Titorial, é necesario que o/a titor/a estableza unha rede coordinadora entre todo o equipo docente; que coñeza a situación persoal de cada alumno/a, os principais datos evolutivos e de saúde, o estilo e ritmo de aprendizaxe de cada quen; que reflexione sobre a metodoloxía máis adecuada para cada neno ou nena respecto do seu achegamento ao currículo; que analice as relacións que se establecen dentro e fóra da aula e a súa utilidade nos agrupamentos dentro da aula; que demande asesoramento ao Departamento de Orientación, etc.
- Por último, tal e como contempla a lexislación, terán carácter prioritario as accións preventivas e de detección temperá. Así mesmo, priorizaranse as medidas ordinarias e normalizadoras fronte ás extraordinarias, que só poderán ser aplicadas unha vez esgotadas as ordinarias, nos termos recollidos na lexislación vixente e no propio Plan xeral de atención á diversidade.

4.1. Accións preventivas

- **Coordinación entre etapas**

Accións	Obxectivos	Recursos	Temporalización	Responsables	Observacións
Xornada de presentación do novo alumnado de educación infantil	Compartir experiencias e coñecer o centro	Dípticos informativos	Xuño	Profesorado infantil	Xornada de portas abertas
Reunión co/a titor/a de 6 ^a de primaria	Detectar e tipificar casuísticas Previr necesidades e recursos	Expedientes do alumnado Información facilitada polo profesorado	Maio	Xefa do DO	
Reunión e charlas informativas co alumnado de 6 ^o EP	Informar e orientar da nova etapa educativa e os servizos do centro	Lexislación educativa Documentación do centro	Maio-Xuño	Xefa do DO	
Visita ao edificio de ESO do grupo de 6 ^o EP co/a titor/a	Coñecer as instalacións e o funcionamento do centro	Presentación informativa e folletos informativos	Maio-Xuño	Xefa do DO Titor/a de 6 ^o EP	Programa de acollida

• **Avaliación inicial**

Accións	Obxectivos	Recursos	Temporalización	Responsables	Observacións
Deseño de probas de avaliación inicial	Dispoñer de instrumentos para realizar a avaliación	Titores/as e profesorado dos departamentos didácticos Orientacións do profesorado de primaria	Mes de setembro, antes do 1º día lectivo	Xefes de departament o Profesorado das materias e titores	
Aplicación das probas de avaliación inicial	Medir o nivel de adquisición de competencias Medir e analizar o nivel curricular de coñecementos previos Dispoñer de información para a toma de decisións	Probas globais deseñadas especificamente Expedientes do alumnado Información e propostas do profesorado das etapas ou cursos anteriores	Primeiros días lectivos do curso	Xefatura de estudos, departament os didácticos, DO, titores e profesorado	Coa información obtida e a información procedente do curso/etapa anterior, os departamentos didácticos farán propostas de atención ao alumnado
Información ás familias dos resultados das probas e das propostas de actuación	Implicar ás familias no proceso educativo e na toma de decisións	Entrevista persoal, telefónica ou comunicación por medios telemáticos Documentación informativa e de consentimento para determinadas medidas	Mes de setembro	Xefatura de estudos, DO e persoas titoras	
Aplicación das medidas de atención á diversidade ao alumnado	Dar resposta educativa adaptada ás necesidades de cada alumno ou alumna	Información das probas e documentación Propostas dos departamentos	A partir da avaliación inicial e durante todo o curso	Xefatura de estudos, DO e persoas titoras	As medidas adoptadas son flexibles e serán revisadas periodicamente

Ao comezo de cada curso e coa finalidade de adaptar as ensinanzas ao alumno/a e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe, realizarase unha avaliación inicial. Os resultados de dita avaliación servirán como referente para a adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que sexa necesario, para demandar da xefatura do departamento de orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

4.2. Medidas de atención á diversidade postas en marcha no noso centro:

As medidas de atención á diversidade en Galicia están reguladas no Decreto 229/2011 e na Orde do 8 de setembro de 2021. A continuación recolleemos as que o CPI de Ponte Carreira pon en marcha nas diferentes etapas e niveis educativos para dar respostas ás necesidades de cada alumno/a:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.
- c) Metodoloxías inclusivas.
- d) Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
- e) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- f) Exención da Segunda Lingua Estranxeira.
- g) Plan específico de reforzo para o alumnado repetidor de EP.
- h) Plan de reforzo para o alumnado de ESO que pase de curso con materias sen superar.
- i) Plan específico personalizado para o alumnado repetidor de ESO.
- j) Programa de habilidades sociais.
- k) Adaptacións curriculares.
- l) Apoio do profesorado especialista en PT e/ou AL.

Necesidades do alumnado	Medidas aplicadas
NEE	
Discapacidade intelectual	a, b, c, d, e,k,l
Discapacidade física	a, b, c, d, e, k, l
NEAE	
TDAH	a, b, c, d, e,l
Atraso madurativo	a, b, c, d, e,l
T. do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación	a, b, c, d, e,l
Trastornos de aprendizaxe	a, b, c, d, e,f, k,l
Incorporación tardía	a, b, c, d, e,f, k, l

Ademais, para todo o alumnado que repita ou que promocióne con materias suspensas en ESO poñeranse en marcha as medidas recollidas nos epígrafes g, h, i.

Como complemento destas medidas recollidas na lexislación, e necesario ter en conta outras liñas de actuación como as propostas da Administración ou as doutras institucións e servizos externos ao centro, entre as que sinalamos:

- Protocolos que ofrecen pautas de actuación para a posta en marcha de medidas de atención á diversidade, os cales están dispoñibles nos seguintes enlaces:
 - <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>
 - <http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/1764>
- Colaboración e coordinación con outras institucións e axentes externos ao centro, como poden ser:
 - Servizo de Inspección Educativa.
 - Equipo de Orientación Específico da provincia da Coruña.
 - Concello de Frades, especialmente cos Servizos Sociais.
 - Mancomunidade de Ordes.
 - Servizo de Atención Temperá de Ordes.
 - SERGAS.
 - ANPA do CPI de Ponte Carreira.

5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

Tendo en conta o lexislado para cada medida de atención á diversidade e, dentro da autonomía docente que teñen os centros, os criterios que o CPI de Ponte Carreira segue para a adopción das diferentes medidas son os que se detallan a continuación:

- a) **Criterios extraídos da normativa.** No artigo 4 do Decreto 229/2011, así como no artigo 4 da Orde do 8 de setembro de 2021, recóllense os seguintes principios de actuación en materia de atención á diversidade:
- Normalización e inclusión
 - Equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación.
 - Flexibilidade e accesibilidade.
 - Interculturalidade e promoción da convivencia.
 - Autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.
 - Atención ás necesidades individuais de todo o alumnado.
 - Deseño universal de aprendizaxe.
 - Accións preventivas e de detección temperá.
 - Prioridade das medidas de carácter ordinario e normalizador.
 - Enfoque multidisciplinar, de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.
 - Asesoramento e información a familias.

- Formación, innovación e difusión de boas prácticas.

b) Criterios específicos do CPI de Ponte Carreira:

MEDIDA	CRITERIOS
Reforzo educativo	Realizado polo profesor/a que imparte a materia e que considere que o/a alumno/a pode seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe coa modificación de elementos non prescriptivos do currículo.
Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria	O reforzo será grupal para toda a aula. Priorizarase o apoio nos grupos con maior número de alumnado NEAE e nos cursos máis baixos.
Exención da Segunda Lingua Estranxeira en 1º e 2º da ESO	Terase en conta a presenza dalgunha das seguintes circunstancias: desfase curricular nas linguas, materias de linguas pendentes, NEAE asociadas a dificultades de lectoescrituras. Será necesaria a proposta do/a titor/a do curso anterior en función das necesidades presentadas e a información á familia.
Programa de habilidades sociais	<ul style="list-style-type: none"> • Para todo o alumnado segundo os criterios establecidos no PAT. • Como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas. • Un programa específico para o alumnado que estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro como consecuencia da imposición de medidas correctoras.
Adaptacións curriculares	Dirixidas a alumnado NEE e, excepcionalmente ao resto de alumnado NEAE. Alumnado que non pode seguir o currículo ordinario e que presenta desfase curricular significativo. Deberá figurar no informe psicopedagóxico como a medida máis idónea para dar resposta ás necesidades do/a alumno/a; e deberase informar por escrito á familia. Será preciso que antes se aplicaran outras medidas de atención á diversidade máis ordinarias.
Apoio do profesorado especialista de PT e AL	Na distribución horaria dos apoios de PT e AL seguiranse os seguintes criterios prioritarios: <ul style="list-style-type: none"> • Alumnado NEE. • Alumnado con adaptación curricular. • Alumnado con desfase curricular significativo. • Alumnado con outras NEAE. • Priorización dos cursos máis baixos en EP e de 1º e 2º na etapa da ESO. • Como norma xeral, o apoio realizarase dentro da aula ordinaria, salvo naqueles casos nos que necesiten unha intervención máis específica e individualizada.

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

PROFESIONAL	FUNCÍONS E ACTUACIÓNS
Equipo directivo	<ul style="list-style-type: none"> • Adecuar a estrutura organizativa do centro (espazos, agrupamentos, horarios, etc) ás necesidades do alumnado. • Garantir un adecuado desenvolvemento das medidas de atención á diversidade recollidas na documentación do centro. • Autorizar, informar e/ou solicitar a Inspección Educativa a autorización das medidas de atención á diversidade, cando proceda. • Colaborar na construción e revisión dos criterios de organización das medidas de atención á diversidade así como asumir e responsabilizarse do acordado no PXAD. • Xefatura de Estudos: informar ao profesorado sobre as medidas de atención á diversidade, velar polo seu cumprimento e comprobar que queden correctamente reflectidas no expediente do/a alumno/a.
Profesorado	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar os informes que correspondan sobre o alumnado obxecto de medidas de atención á diversidade. • Recoller e ter en conta a información sobre as medidas de atención á diversidade dada pola xefatura do seu departamento didáctico, polo profesorado titor, o DO e a XE, nas xuntas de avaliación e ao longo do curso e tendo sempre presente a Lei de protección de datos. • Proporcionar ao departamento de orientación, cando se lle solicite, datos sobre a competencia curricular do/a alumno/a, o seu estilo de aprendizaxe, a súa integración social ou calquera outra información requirida. • Cando o considere necesario, solicitar a intervención do departamento de orientación para avaliar as necesidades dun alumno/a, cumprimentando o formulario correspondente. • Custodiar o material necesario para a aplicación das medidas de atención á diversidade. • Colaborar na construción e revisión dos criterios de organización das medidas de atención á diversidade así como asumir e responsabilizarse do acordado no PXAD.
Titor/a	<ul style="list-style-type: none"> • Proporcionar aos pais, nais ou tutores/as legais do alumnado, a través das tutorías, a información relativa á acción educativa que se desenvolve cos seus fillos/as, especialmente cando estes teñen NEAE; así como recoller delas a información e documentación pertinente. • Reforzar a acción titorial con actuacións que posibiliten unha adecuada resposta ao alumnado a nivel académico, persoal e social. • Informar ao equipo docente das necesidades do alumnado e das medidas de atención á diversidade postas en marcha, así como facer o seguimento das mesmas. • Colaborar co departamento de orientación na recompilación de información sobre o alumnado.

	<ul style="list-style-type: none"> • Colaborar na construción e revisión dos criterios de organización das medidas de atención á diversidade así como asumir e responsabilizarse do acordado no PXAD.
Profesorado PT/AL	<ul style="list-style-type: none"> • Participar na proposta de atención ao alumnado con NEAE que realiza a orientadora. • Poñer en marcha as medidas de atención á diversidade oportunas, avalialas e informar ao titor e á familia, cando proceda. • Facer os informes de seguimento sobre o alumnado ao que prestan apoio especializado. • Apoiar ao profesorado do centro na atención á diversidade. • Colaborar na elaboración das adaptacións curriculares e no seu desenvolvemento, seguimento e avaliación. • Asinar e cubrir os informes e documentos que a Administración e a lexislación educativa demanden. • Colaborar na construción e revisión dos criterios de organización das medidas de atención á diversidade, así como asumir e responsabilizarse do acordado no PXAD.
Xefatura do Departamento de Orientación	<ul style="list-style-type: none"> • Colaborar na construción e revisión dos criterios de organización das medidas de atención á diversidade, así como asumir e responsabilizarse do acordado no PXAD. • Realizar as avaliacións psicopedagóxicas e os informes necesarios. • Cubrir e recompilar a documentación necesaria para a solicitude de medidas de atención á diversidade que deben ser autorizadas pola Inspección Educativa. • Apoiar e asesorar ao profesorado do centro na atención á diversidade. • Colaborar coas familias e asesoralas na atención aos seus fillos/as. • Coordinarse coas entidades e servizos externos que poidan prestar apoio ao alumnado. • Informar das medidas, solicitar o consentimento da familia se procede, coordinar e asesorar na súa posta en práctica e realizar o seu seguimento e avaliación. • Elaborar a concreción anual do PXAD e a memoria do mesmo, que se incluírá na memoria final do departamento de orientación e esta, á súa vez, na memoria do centro.
Administración educativa	<ul style="list-style-type: none"> • Autorizar as medidas de atención á diversidade, cando proceda.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN

7.1. Mecanismos de colaboración e coordinación internos

Tendo en conta que o noso centro comprende as etapas educativas de infantil, primaria e ESO, os mecanismos de coordinación deberán comprender ao profesorado das mesmas. Dita coordinación levarase a cabo, principalmente, a través das diferentes reunións que se realizarán periodicamente ao longo do curso:

- Reunións de CCP e claustro.
- Reunións dos equipos docentes das diferentes etapas educativas.
- Sesións de avaliación.
- Reunións do departamento de orientación unha vez ao mes.
- Reunión semanal da orientadora coas especialistas de PT e AL.
- Reunión semanal dos/as titores/as de ESO coa xefa de estudos e a orientadora.
- Reunións entre o profesorado de apoio e os/as titores/as para xestionar a atención á diversidade, especialmente ao comezo do curso.
- Coordinación entre etapas: no mes de xuño, a orientadora reunirse co profesorado de 6º de Primaria para recoller información sobre as características e necesidades do alumnado que cambia de etapa. Esta información, posteriormente, será trasladada ao equipo docente de 1º da ESO.
- Outros mecanismos de coordinación: teléfono, correo electrónico e outras aplicacións informáticas.

7.2. Mecanismos de colaboración e coordinación co centro ao que estamos adscritos

O noso centro, para a admisión de alumnado, está adscrito ao IES de Ordes. Polo tanto, a coordinación con este centro realízase, fundamentalmente, a través das orientadoras mediante o teléfono ou o correo electrónico. Dita coordinación céntrase fundamentalmente nos seguintes aspectos:

- Información sobre os procesos de admisión e matrícula para o alumnado que quere cursar bacharelato ou formación profesional no IES de Ordes.
- Intercambio de información sobre o alumnado que cambia de centro: características, necesidades, traslado de expediente, etc.
- Visita do alumnado de 4º da ESO ás instalacións do IES.

8. LIÑAS DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

8.1. Liñas de colaboración coas familias

MOTIVO	CANLE	PROFESIONAIS	TEMPORALIZACIÓN
Información e solicitude becas NEAE	Entrevistas persoais e telefónicas coas familias	Orientadora	Setembro
Coñecemento dos/as titores/as	Reunión informativa e de presentación	Equipo directivo, titores/as e orientadora	Setembro
Información e autorización das MAD	Entrevistas persoais coas familias	Profesorado, titores/as e orientadora	Ao longo do curso
Información e seguimento das MAD	Informes	PT, AL, titor/a, profesorado e orientadora	Ao longo do curso e especialmente ao remate do mesmo
Información e documentación de FPB	Entrevistas persoais coas familias para a información e a entrega de documentación	Equipo directivo e orientación	Xuño-Xullo
Seguimento e coordinación coas familias	Entrevistas, chamadas telefónicas ou correo electrónico	Calquera membro do equipo docente	Ao longo do curso

Ademais do recollido na táboa anterior, as familias participarán no centro a través de órganos como o Consello Escolar e a ANPA ou de ferramentas como a páxina web do centro ou ABALAR.

8.2. Liñas de colaboración cos servizos externos

Debido a que no centro está escolarizado alumnado que recibe atención de diferentes profesionais externos, consideramos imprescindible manter contactos periódicos cos mesmos:

- Servizo de Atención Temperá de Ordes (SAT).
- Servizo de Neuropediatría e Atención Temperá do CHUS.
- Servizos sociais do Concello de Frades.
- Profesionais do ámbito da psicoloxía e da psicopedagogía que traballan en gabinetes privados.

Con todos estes servizos, a colaboración realízase fundamentalmente a través de reunións realizadas no propio centro, de chamadas telefónicas, do correo electrónico, do intercambio de informes e documentación ou a través das propias familias.

E por último, as liñas de colaboración esténdense ao Equipo de Orientación Específico da provincia da Coruña, servizo de apoio aos departamentos de orientación dos centros educativos, especialmente en materia de atención á diversidade. As canles empregadas para a colaboración con este servizo están suxeitas ao protocolo establecido por eles mesmos para a demanda de intervención: <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/4456> .

9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

a) **Reforzo educativo:**

Esta medida está destinada ao alumnado que coa modificación dos elementos non prescriptivos do currículo (secuenciación de contidos, instrumento de avaliación, organización da aula, metodoloxías, etc) pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.

O reforzo educativo será elaborado polo profesor/a que imparta a materia ou área, co coñecemento do profesor/a titor/a, o cal informará a xefatura de estudos e á familia do alumno/a. O desenvolvemento de dita medida levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área ou materia, o cal en determinados casos pode contar coa colaboración do profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.

As medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de curso, o profesorado que o imparta elaborará un informe individual dos reforzos levados a cabo, seguindo o modelo recollido no Anexo I.

b) **Exención da Segunda Lingua Estranxeira:**

O alumnado dos cursos 1º e 2º da ESO que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira. Neste caso, recibirá reforzo educativo naqueles aspectos nos que se detecten dificultades. O proceso para a adopción desta medida será o seguinte:

- a) Informe pertinente do titor/a da etapa ou curso anterior, coa colaboración do departamento de orientación, no cal se reflecta o motivo da adopción desta medida (modelo Anexo II).
- b) Información por escrito á familia do/a alumno/a afectado por esta medida (Anexo III)
- c) Por último, a potestade de autorización tena a dirección do centro, que elabora o escrito de autorización de todo o alumnado con esta medida (Anexo IV)

Nos documentos de avaliación o/a alumno/a figurará coa mención de exento.

c) **Plan específico de reforzo para o alumno de Primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso (Anexo V) e Plan específico personalizado para o alumnado de ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso (Anexo VI):**

Ambas medidas teñen como finalidade atender e superar as dificultades que levaron á repetición de curso. Dito plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do titor/a e desenvolverase ao longo de todo o curso. Deberá incluír, cando menos:

- a) Identificación do/a alumno/a.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no desenvolvemento do plan.

- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, posibles medidas extraordinarias necesarias.
- g) Acreditación da información á familia.

d) Plan de reforzo para o alumnado de ESO que promocióne de curso con materias sen superar (Anexo VII):

Realizarase para cada unha das materias suspensas, elaborado polo profesor/a que as imparta, tendo como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Debe incluír, cando menos:

- a) Identificación do/a alumno/a.
- b) Información relevante sobre a materia ou materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se empregarán.
- e) Recursos necesarios.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

e) Adaptacións curriculares:

Son aquelas medidas dirixidas ao alumnado con NEE e, excepcionalmente, ao restante alumnado con NEAE e, afectan aos elementos prescriptivos do currículo a través da súa modificación, ampliación, redución ou supresión. O procedemento para a súa elaboración é o seguinte:

- A xefatura do departamento de orientación realiza a avaliación psicopedagóxica e elabora o informe psicopedagóxico. Informarase á familia da realización de dita avaliación seguindo o modelo do Anexo VIII.
- A xefatura de estudos convoca e coordina unha reunión á cal deben asistir o equipo docente do alumno/a en cuestión e a xefatura do departamento de orientación. Nesta reunión analízanse os resultados da avaliación psicopedagóxica e decídese a pertinencia ou non de realizar a adaptación do currículo, así como as áreas ou materias a adaptar. A xefatura do departamento de orientación redactará e custodiará a acta desta reunión (Anexo IX).
- Elaboración da proposta de adaptación de cada área ou materia por parte do profesorado que a imparte seguindo o modelo do Anexo II da Orde do 8/09/ 2021. Dito profesorado será o responsable do desenvolvemento e da avaliación da adaptación curricular, en colaboración, de ser o caso, co profesorado de apoio.
- A xefatura do dto de orientación conforma o expediente da adaptación e xuntaralle a copia da acta da reunión na que se decide a realización da adaptación curricular.
- A dirección envía o expediente da adaptación curricular ao servizo territorial de Inspección Educativa, a quen lle compete a autorización.

O desenvolvemento das adaptacións curriculares realizarase, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria e a súa avaliación terá como referentes os incluídos na

propia adaptación, sen que iso poida impedirle a promoción ou titulación. A duración das mesmas será dun ciclo en educación primaria e dun curso na ESO.

A familia do alumno/a que precise adaptación curricular deberá ser informada desta medida, deixando constancia por escrito seguindo o modelo do Anexo X

f) **Aopio do profesorado especialista de PT e/ou AL:**

Recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con NEE, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda a outro alumnado con NEAE. Este apoio realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria. Fóra da aula ordinaria terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagóxico e non poderá exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais dunha determinada área ou materia. O procedemento para a demanda de apoio por parte do servizo de orientación é o seguinte:

- Comunicación por parte do profesor/a, titor/a ou da familia das necesidades do/a alumno/a e da demanda de intervención á orientadora do centro seguindo o modelo do Anexo XI
- Proceso de avaliación e elaboración do informe psicopedagóxico por parte da xefatura do departamento de orientación. No caso de que dito informe resulte favorable a esta medida, informárase por escrito á familia para o inicio da mesma seguindo o modelo do Anexo XII.

Ao remate do curso, ou cando o profesor/a especialista que realiza o apoio considere que as dificultades foron superadas, este elaborará un informe individualizado sobre o mesmo seguindo o modelo do Anexo XIII. Así mesmo, ditos profesionais tamén elaborarán unha memoria que entregarán á xefatura do departamento de orientación para incluír como anexo na memoria anual dese departamento.

10. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

Tal e como establece o Decreto 229/2011 no seu artigo 13, ao final de cada curso, o Departamento de Orientación de cada centro elaborará a correspondente memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, establecendo as pertinentes propostas de mellora. Dita memoria incorporárase á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro. Para realizar esta avaliación, teranse en conta os seguintes indicadores:

- Análise do número de alumnado que recibiu medidas de atención á diversidade ao longo do curso (Anexo XIV) e dos resultados académicos logrados, analizados nas sesións de avaliación.
- Información do profesorado que realizou algunha medida de atención á diversidade e informes do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Grao de coordinación co profesorado, coas familias e con outros axentes educativos implicados na posta en marcha da atención á diversidade.
- Propostas de mellora do Plan para o próximo curso.

O profesorado de PT e AL, o profesorado do departamento de orientación e as Xefaturas de Estudos das distintas etapas colaborarán na realización desta avaliación.

ANEXOS

ANEXO I
INFORME FINAL SOBRE AS MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO
CURSO: 20___/20___

DATOS DA ALUMNA OU DO ALUMNO:

NOME E APELIDOS	
DATA DE NACEMENTO	
CURSO E ETAPA	
PROFESOR/A TITOR/A	

Por cada área ou materia en que o/a alumno/a recibiu reforzo educativo:

1. ÁREA OU MATERIA:
2. NOME DO PROFESORADO DA ÁREA OU MATERIA:
3. DATOS DE REFORZO EDUCATIVO:

Data de inicio do RE	
Data de remate do RE	
Necesidades que motivaron o RE	
Descrición do RE	
Frecuencia do RE (temporalización)	
Avaliación do RE	

VALORACIÓN FINAL DAS MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO:

	Acadáronse os obxectivos previsto nelas.
	Foron eficaces, pero a mellora non se extrapolaba ao traballo diario (ordinario).

PREVISIÓN PARA O CURSO SEGUINTE (*indíquese se se considera que o/a alumno/a, no próximo curso, pode verse beneficiado/a por medidas regulares de reforzo educativo*):

En Ponte Carreira, a _____ de _____ de 20 _____

O/A titor/a

Asdo: _____

ANEXO II
INFORME INDIVIDUALIZADO DO/A TITOR/A PARA A EXENCIÓN NA MATERIA DE 2ª
LINGUA ESTRANXEIRA

DATOS PERSOAIS	
Nome e apelidos	
Curso e etapa	
Titor/a	

HISTORIA ESCOLAR DO/A ALUMNO/A E PRINCIPAIS NECESIDADES	
Repetición (<i>indicar o curso</i>)	
Medidas de atención á diversidade	
Áreas de maior dificultade	
Outras observacións	

Segundo a información recollida no presente informe, así como a extraída do expediente académico do/a alumno/a, considérase como mellor resposta educativa a exención na materia de segunda lingua estranxeira (francés) en 1º da ESO, para recibir, no seu lugar, un reforzo nas materias instrumentais. A titora e o departamento de Orientación consideran que o/a alumno/a ten dificultades no ámbito lingüístico e matemático que se poderían superar coa medida mencionada.

En Ponte Carreira, a _____ de _____ DE 20_____

Asdo: O/A orientador/a

Asdo.: O/A titor/a

ANEXO III
INFORMACIÓN AOS PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS SOBRE A EXENCIÓN DA MATERIA
DE 2ª LINGUA ESTRANXEIRA

D./Dna. _____ con DNI _____,
en calidade de pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a _____,
escolarizado no CPI Ponte Carreira no curso de _____,

AUTORIZO

NON AUTORIZO

a que o meu fillo/a quede exento de cursar a materia de segunda lingua estranxeira na ESO e reciba reforzo educativo naqueles aspectos nos que se detecten dificultades, tal e como se recolle na *Resolución do 6 de xuño de 2023, da dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.*

En Ponte Carreira, a _____ de _____ de 20_____

Asdo.: Pai/nai/titor/a legal

ANEXO IV

AUTORIZACIÓN DA DIRECCIÓN PARA A EXENCIÓN DA 2ª LINGUA ESTRANXEIRA

CURSO: 20___/20___

D./Da. _____ director/a do CPI Ponte Carreira, recibida a listaxe actualizada da proposta de alumnado de 1º e 2º da ESO, que a continuación se expón, para quedar exento de cursar durante o presente curso a materia de segunda lingua estranxeira,

AUTORIZA:

A que este alumnado reciba reforzo educativo naqueles aspectos nos que se detecten necesidades, tal e como reflicten os informes pertinentes. Esta medida adóptase unha vez oídas as familias do alumnado, feito do que queda constancia nas autorización asinadas por elas.

CURSO/GRUPO	ALUMNO/A

En Ponte Carreira, a _____ de _____ de 20_____

Asdo.: O/a director/a

ANEXO V

PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA ALUMNADO REPETIDOR DE ED. PRIMARIA

1. DATOS DO/A ALUMNO/A

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Curso e etapa:

Centro educativo:

2. ASPECTOS RELEVANTES DO CURSO ANTERIOR:

- **Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición:**
- **Medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade aplicadas no curso anterior:**

	Reforzo educativo nas seguintes materias:
	Apoio de PT nas seguintes materias:
	Apoio de AL
	Adaptación curricular nas seguintes materias:
	Flexibilización

3. DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE REFORZO:

- **Obxectivos:**
- **Estratexias metodolóxicas:**
- **Recursos necesarios:**
- **Medidas de atención á diversidade que se prevén necesarias:**

	Reforzo educativo nas seguintes materias:
	Apoio de PT nas seguintes materias:
	Apoio de AL
	Adaptación curricular nas seguintes materias:

En Ponte Carreira, a ____ de _____ de 20 ____

Asdo.: O/a titor/a

ANEXO VI

PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA ALUMNADO REPETIDOR DE ESO

1. DATOS DO/A ALUMNO/A

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Curso e etapa:

Centro educativo:

2. ASPECTOS RELEVANTES DO CURSO ANTERIOR:

- **Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición:**
- **Medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade aplicadas no curso anterior:**

	Reforzo educativo nas seguintes materias:
	Apoio de PT nas seguintes materias:
	Apoio de AL
	Adaptación curricular nas seguintes materias:
	Flexibilización

3. DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE REFORZO:

- **Obxectivos:**
- **Estratexias metodolóxicas:**
- **Recursos necesarios:**
- **Medidas de atención á diversidade que se prevén necesarias:**

	Reforzo educativo nas seguintes materias:
	Apoio de PT nas seguintes materias:
	Apoio de AL
	Adaptación curricular nas seguintes materias:

En Ponte Carreira, a _____ de _____ de 20____

Asdo.: O/a titor/a

ANEXO VII

PLAN DE REFORZO PARA ALUMNADO DE ESO CON MATERIAS PENDENTES

1. DATOS DO/A ALUMNO/A

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Curso e etapa:

Centro educativo:

2. DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE REFORZO:

a) Materias sen superar:

b) Para cada materia suspensa:

- **Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.**
- **Estratexias metodolóxicas.**
- **Recursos necesarios.**
- **Tarefas para realizar, coa debida temporalización.**
- **Seguimento e avaliación.**

En Ponte Carreira, a ____ de _____ de 20____

Asdo.: O/a titor/a

Asdo.: (profesorado das materias suspensas)

ANEXO VIII

INFORMACIÓN SOBRE A REALIZACIÓN DUNHA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

Don/a _____ con DNI nº _____,
pai/nai ou titor/a legal do/a alumno/a _____,
manifesto que fun informado/a pola orientadora da necesidade de realizar unha avaliación
psicopedagóxica ao meu fillo/a para axustar a intervención educativa.

E para que conste, expoño:

- O meu acordo coa realización da avaliación psicopedagóxica.
- O meu desacordo coa realización da avaliación psicopedagóxica.

Ponte Carreira a, _____ de _____ de _____

Pai/nai/titor/a _____

ANEXO IX
MODELO DE ACTA DE ADAPTACIÓN CURRICULAR

Nome do/a alumno/a:

Curso:

Data:

Lugar de celebración:

ASISTENTES:

Xefe/a de estudos:

Mestre/a titor/a:

Mestres/as de área ou profesorado de cada materia:

Mestre/a de PT:

Orientador/a:

DECIDEN:

Que non procede a actualización/realización da adaptación curricular debido a que as necesidades educativas detectadas non requiren a aplicación de medidas extraordinarias de atención á diversidade.

Que procede a actualización/realización da adaptación curricular.

ÁREAS CURRICULARES ADAPTADAS:

-
-
-

En Ponte Carreira, a _____ de _____ de _____

Asdo.: Xefa do departamento de orientación

ANEXO X
INFORMACIÓN SOBRE A MEDIDA DE ADAPTACIÓN CURRICULAR

Dona _____ DNI _____
pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a _____,
escolarizado no _____ curso de educación infantil, primaria, ESO,

EXPOÑO que:

- Son coñecedor/a das dificultades de aprendizaxe que presenta o meu fillo/a.
- Fun informado/a das áreas/materias obxecto de adaptación curricular para o meu fillo/a durante este curso (como medida extraordinaria) e que son as que a continuación se relacionan: _____
- Entendo que esta medida permite adaptar, engadir ou suprimir obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Os referente de avaliación serán os marcados na adaptación curricular e, polo tanto, a superación da mesma implica a superación da área/materia. Non obstante, ao rematar os estudos de ESO, de existir un grande desfase curricular entre o currículo de referencia e o nivel de competencia curricular real do/a alumno/a, entendo que a superación das materias obxecto de adaptación curricular non implicará a obtención do título de graduado en ESO con base ao artigo 31 da Lei 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que indica no seu apartado primeiro que os/as alumnos/as que ao rematar a educación secundaria obrigatoria adquiren as competencias establecidas e acadaran os obxectivos da etapa obterán o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. Esta decisión será adoptada polo profesorado do/a alumno/a, de forma colexiada, ao final da etapa.
-

Sendo coñecedor/a de todo o anteriormente exposto, MANIFESTO:

- Ter sido informado/a e estar conforme co desenvolvemento desta medida de atención á diversidade.
- Non estar conforme con desenvolvemento desta medida de atención á diversidade.

En Ponte Carreira a, _____ de _____ de _____

Asdo.: Pai/nai/titor legal

ANEXO XI
DEMANDA DE INTERVENCIÓN AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

1. DATOS DO/A ALUMNO/A:

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Curso e etapa:

Historia escolar (repeticións, áreas/materias de maior dificultade, etc):

2. PERSOA QUE FAI A DEMANDA:

Nome e apelidos:

Relación co/a alumno/a:

3. MOTIVO DA DEMANDA (descricao das necesidades detectadas):

4. INTERVENCIÓNS XA REALIZADAS:

- Co/a alumno/a:

- Coa familia:

- Outros:

En Ponte Carreira, a _____ de _____ de _____

Asdo.: _____

ANEXO XII

INFORMACIÓN SOBRE AS MEDIDAS DE APOIO POR PARTE DOS PROFESIONAIS DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E/OU AUDICIÓN E LINGUAXE

Don/a _____ con DNI nº _____,
pai/nai ou titor/a legal do/a alumno/a _____,
fun informado/a pola orientadora das necesidades educativas que presenta o meu/miña
fillo/a, así como da medida que se propón para a mellora do seu desenvolvemento
académico, persoal, social e cognitivo,

MANIFESTA:

- O meu acordo coa proposta de recibir:
- O meu desacordo coa proposta de recibir:
 - atención de mestras de pedagogía terapéutica
 - atención de mestra de audición e linguaxe
 - atención da orientadora

Ponte Carreira a, _____ de _____ de _____

Pai/nai/titor/a _____

ANEXO XIII

INFORME INDIVIDUAL FINAL DE CURSO SOBRE AS MEDIDAS DE APOIO EDUCATIVO

CURSO: 20__/20__

1. DATOS DA ALUMNA OU DO ALUMNO

NOME E APELIDOS	
DATA DE NACEMENTO	
CURSO E ETAPA	
PROFESOR/A TITOR/A	

2. DATOS DO PROFESORADO QUE REALIZOU O APOIO

3. DATOS DAS MEDIDAS DE APOIO

3.1. *ÁREA/S OU MATERIA/S EN QUE RECIBIU APOIO*

3.2. *DATA DE COMEZO E REMATE DO APOIO*

3.3. *HORARIO SEMANAL E MODALIDADE DO APOIO REALIZADO*

3.4. *DESCRIPCIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO:*

a) *Obxectivos traballados:*

b) *Metodoloxía:*

- *Organización de espazos e tempos:*
- *Actividades tipo:*
- *Recursos:*

3.5. *VALORACIÓN FINAL DAS MEDIDAS DE APOIO*

3.6. *PREVISIÓN PARA O CURSO PRÓXIMO (indíquese se se considera que este/a alumno/a, no curso próximo, pode verse beneficiado/a ou non por medidas regulas de apoio educativo, en que área ou materia, mediante que modalidade -dentro da aula ordinaria, fóra dela ou mixta- e número de horas semanais):*

En Ponte Carreira, ____ de _____ de 20 ____

A xefa do departamento de orientación

A profesora de PT/AL

Asdo.: _____

Asdo.: _____

ANEXO XIV
CUESTIONARIO AVALIACIÓN PXAD

*Este cuestionario será cuberto pola orientadora do centro coa colaboración do profesorado PT e AL e tendo en especial consideración as propostas de mellora achegadas por todo o equipo docente.

Ano académico 20__/20__

Número de alumnos/as con RE sen apoio	
Número de alumnos/as con apoio de PT	
Número de alumnos/as con apoio de AL	
Número de alumnos/as con apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria	
Número de alumnos/as exentos de cursar a Segunda Lingua Estranxeira	
Número de alumnos/as estranxeiros que foron obxecto dalgunha medida curricular ou organizativa de atención específica	
Número de alumnos/as que foron obxecto de avaliación psicopedagóxica	
Número de alumnos/as con adaptación curricular	
Número de alumnos/as que non promocionan ao curso seguinte	
Número de alumnos/as que flexibilizaron a súa escolarización por NEE	
Número de alumnos/as que flexibilizaron a súa escolarización por altas capacidades intelectuais	

*Completarase o cadro con todas as medidas de atención á diversidade levadas a cabo ao longo do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA PARA O PRÓXIMO CURSO:

ANEXO XV

AUTORIZACIÓN FAMILIAR PARA A SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO

D./a _____ con DNI _____
pai/nai/titor/a do/a alumno/a _____, escolarizado/a
no _____ curso de educación infantil/ primaria/ secundaria, fun informado/a pola
orientadora das necesidades educativas que presenta o meu fillo/a e estou de acordo en
que se lle apliquen as medidas de atención educativas oportunas conducentes ao seu mellor
desenvolvemento académico, persoal, social e cognitivo. Polo que,

- Autoriza** a intervención do Equipo de Orientación Específico
- Non autoriza** a intervención do Equipo de Orientación Específico

Ponte Carreira, a de de 20.....

Orientadora

O pai/nai/titor/a legal

ANEXO XVI

AUTORIZACIÓN PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN CON AXENTES EXTERNOS

D./D _____ con DNI _____
en calidade de pai/nai ou titor/a legal do/a alumno/a _____
matriculado/a neste centro no curso _____, AUTORIZO ao departamento de orientación e
titor/a do alumno/a a intercambiar información cos especialistas externos ó centro que
traballan co alumno/a co fin de favorecer o seu mellor desenvolvemento académico, persoal,
social e cognitivo, establecendo na medida do posible liñas de actuación conxuntas entre
todos os profesionais.

Polo que, para que así conste:

- AUTORIZO
- NON AUTORIZO (declaro que fun debidamente informado/a da necesidade desta intervención)

En Ponte Carreira, a de de 20.....

Asdo.: Pai/nai/titor-a legal

ANEXO XVII
SOLICITUDE COPIA INFORME PSICOPEDAGÓXICO

I. DATOS PERSOAIS DO/A ALUMNO/A

NOME	APELLIDOS	DATA NACEMENTO	CURSO

II. PETICIÓN DO INFORME DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

O abaixo asinante, Don/a: _____ como pai/nai/titor-a legal do/a alumno/a: _____

SOLICITA:

Do departamento de orientación do CPI Ponte Carreira un resumo do informe psicopedagógico realizado ao seu fillo/a no centro pola orientadora do mesmo.

En Ponte Carreira, a ____ de _____ de 20____

Asdo.: pai/nai/titor ou titora legal

ANEXO XVIII
DOCUMENTO ENTREGA INFORME ESCOLAR

I. DATOS PERSOAIS DO/A ALUMNO/A

NOME	APELIDOS	DATA NACEMENTO	CURSO

II. ENTREGA DO INFORME ESCOLAR

O abaixo asinante, Don/a: _____ como pai/nai/titor-a legal do/a alumno/a: _____.

DECLARA:

Que recibiu do departamento de orientación do CPI Ponte Carreira unha copia do informe escolar realizado sobre o seu fillo/a pola orientadora do mesmo.

En Ponte Carreira, a ____ de _____ de 20 ____

Asdo.: pai/nai/titor ou titora legal